

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**25 de marzo de 2022**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste o Sr. Deputado Don Jorge Cubela López (PP) quen escusa a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario por substitución, Don José Luis Mato Rodríguez, e está presente o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todas e a todos. Iniciamos o pleno ordinario de 25 de marzo de 2022, coa seguinte orde do día.

a) Parte resolutiva:

1.7766.- **DECLARAR DESERTO O CONCURSO PÚBLICO PARA ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DE 22 PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SRAU INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, NO CONCELLO DE BARRO; E APERTURA DA FASE DE ADXUDICACIÓN DIRECTA SEGUNDO OS PREGOS REITORES (EXPTES. 2022014926-2022001061)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva. No punto 1. Declarar deserto o concurso público para alleamento na constitución dun dereito de superficie mediante procedemento aberto de 22 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de sectorización do núcleo industrial Outeda-Curro no Concello de Barro e apertura da fase de adxudicación directa segundo os pregos reitores. ¿Algunha intervención? Pois o someto a votación. ¿Votos a favor, deste punto 1? Queda aprobado por unanimidade.

ACORDO

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 22 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, polos importes que figuraban para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económicas administrativas, a razón de 99,00€/m<sup>2</sup>, IVE excluído, e de 119,79€/m<sup>2</sup>, IVE engadido.

Resultando que na citada sesión tamén se acordou aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas deste concurso público, asinado dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro co código de



verificación IVXEQ8RRH9CE5ZHW, así como dispoñer a apertura dun prazo de presentación de ofertas que remataba ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

Resultando que en data 2 de febreiro de 2022 publicouse o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 22. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e anexos deste procedemento aberto.

Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas ás 10:00 horas do día 7 de marzo de 2022, non se recibiu ningunha proposta ó respecto.

Resultando que a Mesa de Contratación, na reunión do día 10 de marzo de 2022, toma coñecemento da non presentación de ofertas e propón ao órgano de contratación declarar deserto o citado procedemento.

Resultando que a cláusula vixésima do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe este concurso público recolle o seguinte:

*“Si tras la licitación pública quedan desiertas parcelas el órgano de contratación podrá acordar la enajenación directa, por plazo de un año a contar desde la publicación en el BOPPO y en el Perfil de Contratante del acuerdo del Pleno de la Corporación, de la adjudicación de los derechos de propiedad y superficie en el caso de existir ofertas que cumplan las condiciones del pliego. La enajenación directa se haría en iguales condiciones a las que se ofertaron en el pliego del concurso y previa aceptación de tales condiciones en su totalidad por los posibles adquirentes.”*

Resultando que o artigo 137.4.d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, establece que no alleamento de inmobles poderase acordar a adxudicación directa *“Cuando fuera declarada desierta la subasta o concurso promovidos para la enajenación o éstos resultasen fallidos como consecuencia del incumplimiento de sus obligaciones por parte del adjudicatario, siempre que no hubiese transcurrido más de un año desde la celebración de los mismos. En este caso, las condiciones de la enajenación no podrán ser inferiores de las anunciadas previamente o de aquellas en que se hubiese producido la adjudicación.”*



Resultando que o artigo 331.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, regula o procedemento de alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo, indicando que se realizará por un prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico e na forma establecida na lexislación reguladora do patrimonio das Administracións Públicas. Con todo, recolle unha previsión expresa de alleamento directo nas mesmas condicións durante un ano para o suposto de que o concurso que sexa tramitado para ese efecto quedase deserto.

Resultando que en calquera caso, tal e como aparece reflectido nos pregos e ao obxecto de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência, a adxudicación directa farase nas mesmas condicións ás que se ofertaron no prego do concurso e previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes.

Considerando o establecido nos artigos 137.4.d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e 331.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto, así mesmo, o informe do Técnico-Colaborador do Polígono Industrial, de data 11 de marzo de 2022, favorable ao alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 22 parcelas que quedaron desertas.

Considerando que conforme á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, lle corresponde ao Pleno a competencia neste expediente.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade dos presentes:

1. Declarar deserto o concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 22 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, por non presentarse licitadores interesados na adxudicación das mesmas.



2. Efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 22 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano a contar dende a publicación deste acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra; dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrència.

2.7767.- **APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2022014922-2020022322)**

Sra. Presidenta.- No punto 2. Aprobación da primeira prórroga do Acordo Marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación. Para unha breve explicación ten a palabra o responsable de Infraestruturas.

Sr. Agís Gómez.- A primeira prórroga do Acordo marco de firmes que se aprobou no 2021 para un período de 4 anos. Na sesión ordinaria que tuvo lugar o 26 de marzo de 2021 acordouse adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo marco para regular as obras de conservación de firmes na estrada viaria, nas estradas viarias da Deputación de Pontevedra para o ano 21. Trátase dos lotes 1, 3, 4, 5 e 6 que se formalizaron o 4 de maio de 2021, e logo o lote número 2 que leva un ritmo diferente, tamén se formalizou o 28 de maio. Son traballos correspondentes á campaña do ano 2022, faise necesario prorrogar o Acordo marco que regula as citadas obras de conservación de firmes para o período de un ano, estimado un gasto anual de 4.430.919,23 €, IVE incluído. Nesta proposta figura como data o 12/01/2022, co conforme do delegado neste caso que son eu. As empresas adxudicatarias do Acordo marco participan na conformidade desta, desta prórroga. No expediente figura un informe conxunto do Servicio de Contratación, Secretaría e Intervención favorable a esta proposta.

Sra. Presidenta.- Informado de este punto e non habendo máis intervencións o someto a votación. ¿Votos a favor da aprobación? Queda aprobado por unanimidade.



## ACORDO

O Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de marzo de 2021 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para regular as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, para o ano 2021, de acordo co seguinte detalle:

### **LOTE 1- ZONA A**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)</b>
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	638.183,75€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 17,50%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### **LOTE 2- ZONA B**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
UTE GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING S.L.U.,- CANARGA, S.L.	867.894,27€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 16,60%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### **LOTE 3- ZONA C**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)</b>
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	634.094,29€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 14,61%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



### **LOTE 4.- ZONA D**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	878.598,11€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 17,10%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### **LOTE 5.- ZONA E**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 15,395%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### **LOTE 6.- ZONA F**

<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	689.072,94€

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 15,189%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Resultando que o Pleno na sesión ordinaria do día 28 de maio de 2021 adoptou un acordo para corrixir un erro detectado no lote número 5 que afectaba á porcentaxe de baixa, sendo a correcta a de 15,730%, en lugar de 15,395% que figuraba no acordo do día 26 de marzo de 2021.

Resultando que os contratos dos lotes 1, 3, 4, 5 e 6 formalizáronse entre as partes o día 4 de maio de 2021 e o do lote 2 formalizouse posteriormente o día 28 de maio de 2021.



Resultando que o prazo de duración do acordo marco era dun ano a contar dende a data da súa formalización.

Resultando que o Xefe dos Servizos Técnicos e a Xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 11/01/2022, efectúan proposta na que se recolle que para poder acometer os traballos correspondentes á campaña do ano 2022, faise necesario prorrogar o acordo marco que regula as citadas obras de conservación de firmes polo período dun ano, estimado un gasto anual de 4.430.919,23€ IVE incluído. Nesta proposta figura, con data 12/01/2022, o conforme do Deputado Delegado da Área de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando que as empresas adxudicatarias do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021, Construcciones E. C. Casas, S.L., (Lote 1- zona A), UTE GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING S.L.U.,- CANARGA, S.L. (Lote 2- zona B). MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L (Lote 3- zona C) CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (Lote 4.- zona D) e (Lote 6.- zona F), e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (LOTE 5.- ZONA E), participaron a conformidade a prórroga dos contratos formalizados dentro deste acordo marco.

Resultando que o importe estimado da prórroga por un ano máis de cada un dos lotes do acordo marco é o seguinte:

Importe Total (IVE incluído)	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6
	638.183,75€	867.894,27€	634.094,29€	878.598,11€	723.075,87€	689.072,94€

Resultando que pola Intervención expedíronse con data 11 de febreiro 2022 os seguintes documentos, RC número de operación 202200022404 por importe de 638.183,75€ (Lote número 1), RC número de operación 202200022405 por importe de 867.894,27€ (Lote número 2), RC número de operación 202200022407, por importe de 634.094,29€ (Lote número 3), RC número de operación 202200022412 por importe de 878.598,11€ (Lote número 4), RC número de operación 202200022414 por importe de 723.075,87€ (Lote número 5) e RC número de operación 202200022415 por importe de 689.072,94€ (Lote número 6), certificando a existencia de crédito para facer fronte os gastos da prórroga do acordo marco durante un ano máis.





Resultando que no expediente figura un informe conxunto do Servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, asinado polo Xefe do Servizo de Contratación con data, 31 de xaneiro de 2022, polo Secretario, con data, 3 de febreiro de 2022, pola Xefa do Servizo de Fiscalización, con data 9 de marzo de 2022, e pola Viceinterventora, con data, 10 de marzo de 2022, favorable á proposta de prórroga do acordo marco.

Considerando que o artigo 219.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público establece en relación á duración dos acordos marco, que *“A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificadas...”*

Considerando que a cláusula 7.1 do prego de condicións que rexeu na conclusión do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, para o ano 2021, establecía que a duración inicial do acordo marco era dun ano a contar dende a súa formalización, recollendo ademais que o acordo marco poderíase prorrogar ata tres veces por períodos dun ano.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade dos presentes:

1.- Autorizar a primeira prórroga por un ano do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, para o ano 2021, adxudicado polo Pleno na sesión de data, 26 de marzo de 2021, ás seguintes empresas:

<b>LOTE 1- ZONA A.</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	638.183,75€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 17,50%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

<b>LOTE 2 – ZONA B</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO</b>



	<b>ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
UTE GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING S.L.U.,- CANARGA, S.L.	867.894,27€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 16,60%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

<b>LOTE 3 – ZONA C.</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	634.094,29€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 14,61%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

<b>LOTE 4 – ZONA D.</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	878.598,11€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 17,10%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

<b>LOTE 5 – ZONA E.</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 15,730%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

<b>LOTE 6 – ZONA F.</b>	
<b>EMPRESA</b>	<b>IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)</b>
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	689.072,94€
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 15,189%. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

A entrada en vigor desta primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para os



contratos dos lotes 1, 3, 4, 5 e 6 será o día 4 de maio de 2022 e para o lote 2 o día 28 de maio de 2022.

2.- Autorizar un gasto por un importe global de 4.430.919,23€ IVE incluído, para a primeira prórroga por un ano do citado acordo marco, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01, e de acordo co seguinte detalle por cada un dos lotes que forman parte deste acordo marco:

Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6
638.183,75€	867.894,27€	634.094,29€	878.598,11€	723.075,87€	689.072,94€

3.7768.- **PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE REDONDELA DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN DA RÚA PICOTA, PRAZA DA FONTE DO MOURO E CONTORNA DA CAPELA DE SANTA MARIÑA” NO MARCO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040015)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Proxecto reformulado presentado polo Concello de Redondela da actuación denominada “Humanización da rúa Picota praza da Fonte de Mouro e contorna da capela de Santa Mariña” no marco do Programa REACPON. ¿Algunha intervención? Pois si non hai intervencións o someto a votación. ¿Votos a favor deste punto 3? Queda aprobado por unanimidade.

ACORDO

**ANTECEDENTES**

– O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Redondela con destino á execución da actuación denominada “Humanización da rúa Picota, praza da Fonte do Mouro e contorna da Capela de Santa Mariña”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte.



2021025615).

- En setembro de 2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia informou favorablemente a realización das obras, non obstante, coas condicións e reparos indicados no propio informe.
- O orzamento do investimento ascende a 849.254,38€ e a subvención concedida a 636.940,79€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 212.313,59€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa ReacPon, mediante a resolución presidencial núm. 2022000332 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 26/01/2022.
- En data 10/03/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022013098, WEB2022013102, WEB2022013105, WEB2022013106, e WEB2022013110), un proxecto reformulado redactado en data 4 de febreiro de 2022 (en data 11/03/2022 núm. rexistro WEB2022013414 presenta o mesmo proxecto, pero unificado nun único documento), para adaptalo ás condicións e aos reparos establecidos no referido informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, que mantén invariable o orzamento inicial, e a resolución da alcaldía de aprobación do dito proxecto.
- En data 11/03/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022013387) a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de autorizar as obras de acordo co cumprimento das condicións recollidas no corpo da resolución notificada.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 14 de marzo de 2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta, entre outras consideracións, “que os cambios introducidos dan resposta aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Servizo Protección e Fomento da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; e afectan principalmente ás características estéticas, aos materiais, ás cores e aos acabados”, “que, tendo en conta que a superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Agora que o proxecto promove; mantéñense os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa ReacPon e polo tanto a puntuación obtida non se modifica”, “que estes cambios non



modifican o orzamento de licitación”.

- En data 15/03/2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe considerando que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”, e o 15/03/2022 a Intervención provincial emitiu informe de fiscalización favorable do expediente.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e



Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### **Competencia para resolver**

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### **CONCLUSIÓNS**

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado pola resolución de alcaldía de data 10 de marzo de 2022), redactado no mes de febreiro, e que conta coa correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O orzamento de licitación do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa Reitor e polo tanto a puntuación obtida non se modifica.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de



concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/03/2022 (CSV: WQ1729YDRO6BYI31), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/03/2022 (CSV: O18KIC8HQ69CPYQN), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 15/03/2022 (CSV: XQXR99ABSSQ0XIHV), o informe de Intervención de 15/03/2022 (CSV: 3O41TNLRMCE3VCM5), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 18/03/2022 (CSV: S0DL68G8JM0K7I39), o Pleno acorda por unanimidade dos presentes o seguinte:

- Prestar conformidade ao proxecto reformulado presentado polo Concello de Redondela da actuación “Humanización da rúa Picota, praza da Fonte do Mouro e contorna da Capela de Santa Mariña”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Redondela, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.7769.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS (EXPTE. 2022005648)**

Sra. Presidenta.- No punto 4. Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da praza de Barcelos. ¿Hai algunha intervención? Sr. Mosquera, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, bo día, grazas Sra. Presidenta. Bo día a todos e todas. Simplemente xa está dado conta pero eu creo que é interesante recalcar que, decir que esto entra dentro dos convenios, digamos a segunda parte do Plan Concellos ¿non?, Pontevedra e Vigo, a cantidade que lle corresponde a Pontevedra pois o Concello optou, ¿non?, xa relacionado incluso co, bueno con Santa Clara e





demais, pois optou por meter as, esta obra, ¿non?, da praza de Barcelos que aí fixérase un estacionamento hai vinte e tres anos, quizá vinte e catro, ¿non? debeu de ser no ano 98, 97 e a praza pois remodelárase pero os perimetrais levan moitísimos anos sin refacer, e bueno, estimou oportuno, en todo caso aquí da Deputación, coma sempre, pois respectamos a vontade dos concellos donde queren, donde queren investilo, ¿non?, é unha cantidá significativa son 2.071.000€, en dúas anualidades porque a cantidá que lle poida corresponder a Pontevedra no 2022 hai outras prioridades tamén e entonces parte, 800.000 pasan para anualidades de 2023.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non hai máis intervencións polo que someto a votación este punto 4, perdón, si, 4 da orde do día. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ACORDO

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- “No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da remodelación do viario perimetral da praza de Barcelos. Esta intervención permitirá unha reorganización do espazo público acorde cos principios e criterios da rede Ágora, dotándoo dunha maior seguridade e accesibilidade.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a “REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS” e así, en data 04/02/2022 e núm. de rexistro web 2022004444, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio. Asemade, segundo o proxecto de execución do referido investimento a estimación económica para a súa execución será de 2.071.876,00 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación, coa achega de 1.208.594,33 euros no exercicio 2022 e 863.281,67 euros no exercicio 2023.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos a proposta de convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación. Asemade, o proxecto técnico foi supervisado polos servizos técnicos provinciais. Pola súa banda, solicítase á Intervención Xeral provincial, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.
- Someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social para levar a cabo a “**Remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos**”.



## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

### **Consideracións Xurídicas:**

#### **Competencia:**

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### **Petición e evacuación de informes:**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar



esta función.

- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### **Procedencia do convenio**

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2022, dotación orzamentaria na aplicación 2022/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

#### CONCLUSIÓN

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das actuacións de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos.



Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informo favorablemente a tramitación do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos”.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.”

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial; e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social; o Pleno acorda por unanimidade dos presentes:

- Aprobar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

#### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).



Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de Secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

## EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan tráfico, estacionamento de vehículos, mobilidade así como a infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal. A finalidade é a consecución dun obxectivo de claro interese público consistente na remodelación do viario perimetral da praza de Barcelos. Esta intervención permitirá unha reorganización do espazo público acorde cos principios e criterios da rede Ágora, dotándoo dunha maior seguridade e accesibilidade.

IV. Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en sentido semellante o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal.

Por outra banda, o art. 36.1.c) da dita Lei encomenda ás deputacións o aseguramento da



prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas e equipamentos dos concellos da provincia a fin de maximizar o benestar social do conxunto da cidadanía mediante o acceso a infraestruturas públicas seguras, sostibles e respectuosas co medio ambiente.

V. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2022, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VI. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

VII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

VIII.- Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Asemade, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

IX.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para a remodelación do viario



perimetral da praza de Barcelos, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes.

## SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende á cantidade total de DOUS MILLÓN SETENTA E UN MIL OITOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS (2.071.876,00 €), IVE engadido, que se corresponde co orzamento de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra nas anualidades 2022 e 2023, contra a aplicación 2022/942.9420.762.14 e a correspondente aplicación do orzamento do organismo provincial do ano 2023 quedando, en todo caso, condicionada a eficacia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente logo da aprobación do orzamento do exercicio 2023.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da obra comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2022	2023	TOTAL
<b>Deputación de Pontevedra</b> (100%)	1.208.594,33€	863.281,67€	<b>2.071.876,00€</b>

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

## TERCEIRA. EXECUCIÓN

1. A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar durante os anos 2022 e 2023 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o



teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando rematen as obras, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción das obras executadas e a certificación final destas.

#### **CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A achega ao Concello de Pontevedra farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.

Xunto coa primeira certificación achegarase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- O nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- O contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto técnico do investimento.

Xunto coa última certificación achegaranse:

- Informe final da ou do director de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de Contratos.
- Acta de recepción.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.





- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Xustificar no prazo máximo de catro meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

### **QUINTA. COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto técnico.
- Remitir, unha vez formalizado o contrato de obra, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.
- Xustificar perante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.
- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



- Cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

## **SEXTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

## **SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

## **OITAVA. PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas á actuación á que se refire o presente convenio figurarán en todos os formatos os logotipos da Deputación e do Concello de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención



Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMA. VIXENCIA**

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

### **DÉCIMA PRIMEIRA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o



convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMA SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

Polo Concello de Pontevedra

Asdo.- M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Asdo.- Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario da Deputación de Pontevedra

O Secretario do Concello de Pontevedra

Asdo.- Carlos Cuadrado Romay

Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro ”

- Facultar á Presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Pontevedra, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e ó Gabinete de Prensa.

5.7770.- **SEGUNDA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO PROXECTO LABORA 2020 COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO POR AXUSTE DO SEU CONTIDO Á EXECUCIÓN REAL EN BASE Á COMUNICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA E LOCAL (EXPTE. 2020037887)**



Sra. Presidenta.- No punto 5. Segunda modificación substancial do proxecto LABORA 2020 cofinanciado polo Fondo Social Europeo por axuste do seu contido á execución real en base á comunicación da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local. Non hai intervencións. Someto este punto 5 a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ACORDO

### ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo (nº 11.7237), no que se aprobou o proxecto “Labora 2020” no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE) e cofinanciado nun 80% polo FSE (Resolución de 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais), por un importe de 4.832.076,76€ con unha achega do FSE do 80% que supón 3.865.661,41€ e o 20% da achega da Deputación de Pontevedra por importe de 966.415,35€ cun período de execución dende o 1 de outubro de 2018 ata 31 de decembro de 2021.

O Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2020 adoptou o acordo (nº 7.7529) polo que se acepta a ampliación do prazo de execución do mencionado proxecto ata o 31 de decembro de 2022 (Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local).

Con data 28 de xullo de 2021 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local resolveu autorizar a primeira modificación do proxecto “Labora 2020” en relación aos itinerarios formativos, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 26 de marzo de 2021 (acordo nº 6.7585), sendo o coste total elixible do proxecto 4.740.904,66 euros dos cales 3.792.723,73 euros (80%) son achegas do Fondo Social Europeo e 948.180,93 euros (20%) da Deputación de Pontevedra, quedando as características do seguinte modo (Anexo I):

- Período de execución: desde a súa aceptación ata 31 de decembro de 2022.



- Nº de beneficiarios: 870.
- Ámbito de actuación: Provincia de Pontevedra.
- Nº de Itinerarios formativos: 58.
- Orzamento total: 4.740.904,66€.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, como entidade beneficiaria con cargo a Convocatorias de Axudas AP-POEFE do Fondo Social Europeo veu impartindo dende a aprobación do proxecto os itinerarios formativos a través de distintas convocatorias para o cal se levaron a cabo cada ano distintas licitacións. Actualmente estase a licitar a terceira convocatoria dos itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade especificados no proxecto “Labora 2020” para lograr o obxectivo da mellora da empregabilidade e a formación das persoas participantes no ámbito da provincia de Pontevedra e que se executarán a través desta contratación.

#### NORMATIVA APLICABLE

- Orde ESS/1924/2016, de 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014- 2020.
- Orde PRA/37/2018, de 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a Entidades Locais para a inserción de persoas vulnerables.
- Resolución de 23 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE).



- Resolución de 13 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (Secretaría de Estado de Política Territorial - Ministerio de Política Territorial e Función Pública) respecto da convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo.
- Instrucións Xerais para a execución dos proxectos cofinanciados con axudas AP- POEFE do Fondo Social Europeo 2014-2020, destinadas a Entidades Locais para a Inserción de colectivos desfavorables, aprobadas por Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local de data 22 de abril de 2019.
- Resolución do 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Demais normativa que resulte de aplicación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

**PRIMEIRA.-** Con data 24 de xaneiro de 2022, a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial notifica escrito en relación á execución dos proxectos tendo en conta que o prazo de execución está próximo ao seu fin, indicando que *“(…) a fin de evitar que se produzan pérdidas netas de ayuda FSE y además, la imposición de las correcciones financieras*



*adicionales que se pudieran derivar de la falta de consecución de objetivos, mediante el presente le solicito que su entidad analice qué grado de ejecución real va a alcanzar el proyecto financiado, y que de ser necesario para asegurar la absorción plena de la ayuda FSE, antes del próximo 31 de marzo, presente una modificación de dicho proyecto, acomodando su contenido a la ejecución real que se vaya a alcanzar.”*

**SEGUNDA.-** En base ao anterior, procedeuse á análise do proxecto “Labora 2020” aprobado no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE), resultando que é necesario acomodar o contido debido ás seguintes circunstancias:

- Existencia de edicións de itinerarios formativos non realizados debido a renuncias das empresas adxudicatarias por non acadar o número mínimo de participantes que esixe a convocatoria de axudas. Concretamente no apartado sétimo denominado “*Actuaciones subvencionables de los proyectos*” da Resolución de la Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales, por la que se aprueba la convocatoria 2018 de ayudas del Fondo Social Europeo, previstas en el Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación (POEFE), destinadas a entidades locales para la inserción de las personas más vulnerables (AP-POEFE) establece literalmente que “*La duración mínima de los itinerarios formativos para ser subvencionables, excluidas las tutorías y orientación, será de 100 horas. Asimismo, para comenzar la impartición de un itinerario deberá tener al menos 10 participantes*”.
- Existencia de edicións de itinerarios formativos que quedaron desertos.
- Dificultade de captación de alumnado debido ao colectivo ao que se dirixe o proxecto de acordo á convocatoria. Segundo a mesma, o proxecto ten por obxecto mellorar a empregabilidade de persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego, que pertencen a colectivos vulnerables. Considéranse vulnerables os seguintes colectivos:
  - Persoas desempregadas de longa duración (PLD).





- Mozos menores de 30 anos non atendidos no Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX).
  - Persoas maiores de 55 anos.
  - Persoas con discapacidade.
  - Inmigrantes.
  - Minorías étnicas e comunidades marxinadas.
  - Outros colectivos desfavorecidos: persoas que viven en fogares compostos dunha única persoa adulta con fillas ou fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero, vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas recluídas e ex-recluídas; persoas perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.
  - Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos servizos sociais.
- A existencia de presuposto sobranche na partida de axudas debido a que non todos os participantes cumpren os requisitos esixidos para ser beneficiarios das mesmas.
  - A situación sanitaria do COVID que afectou á suspensión de tramitación administrativa e da execución dos cursos así como á captación de alumnado repercutindo de forma notable no proxecto para a consecución dos obxectivos.

**TERCEIRA.-** En consecuencia, tendo en conta que o prazo de execución do proxecto é ata o 31 de decembro de 2022, analizáronse diferentes escenarios posibles tendo en conta as regras estipuladas polo Ministerio de Política Territorial ao efecto, así como os prazos e demais circunstancias que afectan ao proxecto para intentar adecualo o máximo posible á realidade dentro das estritas limitacións impostas no relativo ás modificacións substanciais e á estrutura de financiamento do propio proxecto baseada no sistema de custos simplificados. Por isto, propónse modificar o seguinte contido para a adecuación deste proxecto á execución real:

- Eliminación dos itinerarios e actividades que non se van realizar xa sexa por renuncias, por quedar desertos ou por non acadar o número mínimo de alumnado. En concreto estes son:



- Docencia da formación profesional para o emprego en A Guarda e Lalín.
  - Actividades auxiliares de almacén en Caldas de Reis.
  - Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais en Lalín.
  - Competencias clave para a obtención do nivel 2, dúas edicións en Pontevedra.
  - Traballos de carpintaría e moble en O Rosal.
  - As 10 xornadas.
- Redución do número de edicións pendentes de realizar de forma que as previsións de sobrantes de axudas poidan cubrir o posible alumnado a maiores, no seu caso.

Polo anterior, procede levar a cabo a segunda modificación substancial do proxecto adecuando o proxecto a unha situación máis real tendo en conta as limitacións impostas polo Ministerio, quedando segundo as seguintes características (Anexo II):

- Período de execución: desde a súa aceptación ata 31 de decembro de 2022.
- Nº de beneficiarios: 738.
- Ámbito de actuación: Provincia de Pontevedra.
- Nº de Itinerarios formativos: 51.
- Orzamento total: 4.096.023,82€.
- Achega FSE (80%): 3.276.819,06€.
- Achega Deputación de Pontevedra (20%): 819.204,76€

En base ao anterior, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Emprego e Promoción Económica, o Pleno acorda por unanimidade dos membros presentes a aprobación da segunda modificación substancial do proxecto Labora 2020 cofinanciado polo Fondo Social Europeo por axuste do seu contido á execución real en base á comunicación da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local.

Os Anexos son os seguintes:



ANEXO I: PROXECTO LABORAL 2020 SEGUNDA PRIMEIRA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL APROBADA

Proxecto de traballo	Presuposto de explotación		Análisis económico		Análisis de viabilidade		Análisis de impacto social		Análisis de impacto ambiental		Análisis de impacto patrimonial		Análisis de impacto social		Análisis de impacto cultural		Análisis de impacto paisaxístico		Análisis de impacto urbanístico	
	Presuposto de explotación	Presuposto de explotación	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico	Beneficio económico
Proxecto de traballo	15.112,27	15.112,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Presuposto de explotación	15.112,27	15.112,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Beneficio económico	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>15.112,27</b>	<b>15.112,27</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Presuposto de explotación</b>	<b>15.112,27</b>	<b>15.112,27</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Beneficio económico</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>



**ANEXO II: SEGUNDA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO PROXECTO LABORA 2020 ACOMODANDO O CONTIDO DO PROXECTO Á EXECUCIÓN REAL EN BASE Á COMUNICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTÓNOMICA E LOCAL**

Proxecto de Iniciativa	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)	Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)
	Vídeo (2)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)	Vídeo (2) (Bases)
<b>Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato)</b>	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00
<b>Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)</b>	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00
<b>Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)</b>	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00
<b>Dotación de Iniciativa (Emprego ou contrato) (Bases)</b>	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00	174,800,00



6.7771.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-6005 PRADO-BODAÑO DO PQ 0+000 AO PQ 0+573, NO CONCELLO DE LALÍN” E EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE OCUPACIÓN (EXPTE. 2021018624)**

Sra. Presidenta.- No punto 6. Aprobación inicial do proxecto de “Mellora de seguridade viaria e mobilidade peonil na estrada provincial Prado-Bodaño e expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación. ¿Hai algunha intervención? Pois, someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### ACORDO

“Antecedentes:

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal.

Por ese motivo redáctase o proxecto construtivo de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 Prado–Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573, no Concello de Lalín” co fin de mellorar a seguridade viaria do tráfico rodado e de peóns e construír unha senda peonil que outorgue aos viandantes un espazo diferenciado exclusivo para o seu uso.



Na zona da ponte sobre o Rego de Santa Lucía adecuarase o antigo trazado da estrada agora solo empregado polos veciños da zona e habilitarase como zona de convivencia para dar continuidade á senda peonil proxectada.

Co fin de mellorar a seguridade xeral limitarase a velocidade do tramo a 30 km/h e construíranse un total de 5 pasos de peóns elevados distribuídos ó longo da traza.

En sentido do PQ crecente, a nova senda peonil executarase en formigón armado a nivel da calzada e disporá de 2,5m de anchura mínima na marxe dereita e irá provista de drenaxe mediante unha rígola e sumidoiros entre a calzada e a mesma.

Na outra marxe executarase unha cuneta de seguridade en formigón HF 4,0 de 1m de anchura mínima. A dita cuneta de seguridade interromperase á hora de construír os accesos ás parcelas que dan servizo a estrada. As augas recollidas por dita cuneta recolleranse mediante sumidoiros e conduciranse ó colector xeral de drenaxe que discorrerá baixo a senda peonil.

A nova rede de drenaxe realizará o seu vertido de maneira semellante ó drenaxe lonxitudinal existente na actualidade.

Os servizos non se verán afectados, a maiores, instalarase unha canalización xunto á rígola baixo a senda como previsión para o alumeadado público.

2. O proxecto foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Sergio Daniel Orosa López pertencente á empresa Proyestegal, SL, e o director do proxecto é o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Don Francisco Alonso Fernández, Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

No anexo núm. 15 do proxecto prevese a expropiación forzosa de dúas parcelas. O importe total dos bens e dereitos afectados ascende a 1.962,38 €, sumado o importe do premio de afección, o custo das expropiacións ascende a 2.060,50 euros que serán financiados polo Concello de Lalín de conformidade co convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín asinado o 20 de xaneiro de 2022.

Consideracións legais e técnicas:

1ª.- Lexislación aplicable.

— Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

— Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- O proxecto de construción da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 Prado–Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573, no Concello de Lalín”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Don Sergio Daniel Orosa López pertencente á empresa Proyestegal, SL, e o director do proxecto é o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Francisco Alonso Fernández, xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- O proxecto inclúe un Anexo (núm.15) sobre as necesidades de ocupación de terreos.

Están afectadas dúas parcelas situadas no Concello de Lalín, sendo a superficie a expropiar a de 39,68 m<sup>2</sup> clasificadas como solo rústico de especial protección de vías de comunicación, segundo se concreta no seguinte cadro contido no antedito anexo 15:



Resumo Valoracións	
Concepto	Valor (€)
Expropiacións	477,38
Bens	1.485,00
SUMA	1.962,38
Premio de afección (5%)	98,12
<b>TOTAL EXPROPIACIÓN</b> S	<b>2.060,50</b>

- Informe, de 1 de decembro de 2021, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental.
- Informes do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 24/11/2021 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación da mesma.
- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Lalín, de 16 de decembro de 2021, no que se indica que “consultada la base de datos de este Registro de la Propiedad, de los mismos resulta que, no figuran las siguientes referencias catastrales: 36024A169000020000BQ e 36024A169000030000BP”.
- Certificación catastral das parcelas coas referencias catastrais números: 36024A169000020000BQ e 36024A169000030000BP.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no





Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares “(artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 24 de novembro de 2021 no que se sinala: “...consideranse necesarias as transferencias incluídas no convenio a favor do Concello de Lalín...”; “Con respecto ás razóns do grao de prioridade da execución da obra contemplada no convenio, indicar que a rede provincial de estradas, con arredor de 1.700 quilómetros de lonxitude, supón o eixe principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao abeiro do establecido na Lei 7/85 e máis na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial sitúase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

As vías provinciais que atravesen zonas habitadas deberán garantir as necesidades dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. Para conseguilo, a Deputación de Pontevedra decide redactar e promover de forma urxente proxectos de urbanizacións que melloren o espazo público, priorizando en todo momento a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente, centrando os seus esforzos na boa conservación



do patrimonio viario provincial mediante medidas que aumenten a seguridade viaria para peóns e vehículos.

Polo mencionado anteriormente, e velando pola seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, a Deputación de Pontevedra decide redactar de forma urxente o proxecto de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”, consistente a actuación na reestruturación da EP-6005 Prado–Bodaño, entre os PQ 0+000 e PQ 0+573, co fin de crear unha senda peonil que permita aos peóns unha mobilidade segura entre os núcleos de Prado e Vilar do Río, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade no treito indicado, tendo en conta que a día de hoxe os cidadáns que camiñan por esta estrada para ir dun núcleo poboacional ao outro teñen que facelo diariamente polos sobranceiros reducidos da estrada provincial, sen existir itinerarios peonís que segreguen os espazos e permitan un tránsito peonil seguro pola estrada, sendo un treito moi frecuentado diariamente por veciños e veciñas que se desprazan a pé polas marxes da estrada sen unhas condicións de seguridade viaria acorde ás características da zona, poñendo en risco diariamente a integridade dos peóns debido á falta de itinerarios peonís seguros e á excesiva velocidade coa que atravesan os vehículos motorizados o treito indicado, atopándonos a maiores nunha zona moi sensible ó existir edificacións consolidadas nas marxes da estrada provincial, véndonos obrigados a realizar no treito da estrada unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece: “1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.



- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provincias, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública régulanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG: “a) Construción de novas



estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.  
“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio



da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

201803 9774	Obras	Reestruturación espazo público e mellora da mobilidade Núcleo de Chan (Cerdedo-Cotobade)	Infraestruturas	383.262,68 €	23/01 /2020	
201805 8405	Obras	Urbanización Santa Eulalia (Ribadumia)	Infraestruturas	211.161,95 €	23/01 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (Pontearcas)	Cooperación	49.499,03 €	10/09 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (Mancomunidade do Morrazo)	Cooperación	38.415,19 €	03/09 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (A Guarda)	Cooperación	28.422,90 €	10/09 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (Vilagarcía de Arousa)	Cooperación	72.358,00 €	03/09 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (Silleda)	Cooperación	26.353,80 €	27/08 /2020	
201903 4306	Obras	Adecuación 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra (Meaño)	Cooperación	14.271,95 €	03/09 /2020	
201903 4690	Subministración	Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos - Lote 5	Cooperación	80.912,70 €	14/08 /2020	
201905 2769	Subministración	Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos - Lote 2	Cooperación	24.720,30 €	16/10 /2020	
202002 8457	Subministración	Ampliación capacidade de almacenamento de cabinas de discos	Novas Tecnoloxías	83.505,92 €	17/11 /2020	
201805 8444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - lote 1	Novas Tecnoloxías	71.548,75 €	18/02 /2020	
201903 3240	Subministración	Subministro e mantemento de 120 terminais lixeiros con Citrix	Novas Tecnoloxías	51.956,70 €	07/01 /2020	
201904 5111	Subministración	Adquisición de 4 nodos hiperconverxentes	Novas Tecnoloxías	126.980,23 €	07/01 /2020	
201904 4997	Subministración	Subministración dun biorreactor para o laboratorio da Estación Fitopatolóxica Arceiro	Arceiro	30.129,00 €	17/01 /2020	
202001 0594	Subministración	Subministración dun tractor para a finca do Castelo de Soutomaio	Medio Ambiente	40.958,31 €	04/08 /2020	
201805 8444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - lote 2	Novas Tecnoloxías	45.049,99 €	11/06 /2020	
201805 8444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - lote 3	Novas Tecnoloxías	11.752,28 €	23/06 /2020	
201904 5862	Subministración	Subministro de equipos informáticos para a Deputación - lote 1 (ordenadores)	Novas Tecnoloxías	63.653,26 €	03/04 /2020	
201904 5862	Subministración	Subministro de equipos informáticos para a Deputación - lote 1 (monitores e barras de son)	Novas Tecnoloxías	26.275,39 €	12/05 /2020	

## II.2. Control financeiro.

O TRLRFL recolle como unha das modalidades do control interno a desenvolver pola Intervención o control financeiro.





### Artigo 213.1 TRLRFL:

1. *Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.(...)*

O artigo 220 do TRLRFL define o control financeiro, como aquel que ten por obxecto:

(..) *comprobar el funcionamiento en el aspecto económico-financiero de los servicios de las entidades locales, de sus organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes.*

2. *Dicho control tendrá por objeto informar acerca de la adecuada presentación de la información financiera, del cumplimiento de las normas y directrices que sean de aplicación y del grado de eficacia y eficiencia en la consecución de los objetivos previstos.*

3. *El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.*

4. *Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen.”*

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

No que respecta a este control, no ano 2021 limitouse ao Control financeiro en materia de subvencións. A importante carga de traballo deste Servizo imposibilitou a ampliación do ámbito obxectivo do control a outras materias.

Como sinala o Informe resumo do control financeiro de subvencións que se achega para dación de conta ao Pleno xunto cos informes definitivos de control financeiro (artigo 36 RD 424/2017), o control financeiro de subvencións abrangueu un total de 31 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, 20 expedientes na modalidade de control financeiro limitado e 10 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 31 expedientes obxecto de control financeiro pleno rematáronse á data de emisión deste informe 13 expedientes. Os dezaioito (18) restantes atópanse en diferentes fases de execución, estando pendentes de emitir o informe provisional, despois de realizarse o traballo de campo nas sedes dos beneficiarios, fundamentalmente das subvencións a clubs deportivos.

Os 20 expedientes obxecto de control financeiro limitado, foron finalizados, excepto tres (3) que se atopan en trámite de resolución.

Os traballos de control de investimentos subvencionados foron completados no exercicio.

### II.3. Auditoría.

O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2021 incluíu a auditoría das contas 2020 das entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial contra incendios, Consortio contra incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería). Así mesmo, incluíuse a auditoría do rexistro de facturas 2020.



Para a realización das auditorías de contas dos Consorcios e da Escola contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (BM Neira Auditores).

Os Informes e Memorandos definitivos das contas anuais dos Consorcios Provincial e Deza Tabeirós (expedientes nº 2021041205 e 2021041216, respectivamente) foron asinados en data 22/09/2021 con dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria do 29/10/2021 e notificados ás respectivas entidades.

O Informe e o Memorando das contas anuais 2020 da Escola de Enfermería (expediente nº 2021042039) foron asinados en data 18/10/2021, con dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria do 29/10/2021 e notificados a dita entidade.

Nos tres supostos o Informe de auditoría contén unha opinión denegada. Esta opinión denegada por limitacións ao alcance, fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial, non constando, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.

- Auditoría do rexistro de facturas.

A importante carga de traballo da Intervención imposibilitou a execución no ano anterior da auditoría do Rexistro de facturas do exercicio 2020, que propónse realizar de xeito conxunto coa auditoría do Rexistro de facturas do 2021 a incluír no vindeiro Plan. En todo caso, subsiste a principal discrepancia posta de manifesto na auditoría do rexistro de facturas 2019 referida á falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade.

### III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

En liñas xerais as conclusións e recomendacións coinciden coas referidas no informe – resumo do ano anterior, sen prexuízo de destacar certos avances e a posta e marcha de medidas de mellora.

- **Contratación.**

Con carácter xeral os recoñecementos extraxudiciais se corresponden coa fase de recoñecemento das obrigas de gasto, pola existencia de defectos procedimentais e atrasos na execución (vicios) ou gastos de carácter menor cuxa factura se achega no exercicio seguinte (recoñecemento pechados).

A redución de reparos e/ou tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial esixe un esforzo conxunto de toda a organización en materia de planificación e programación da contratación. Debe prestarse especial atención á redución da contratación menor, reservada legalmente para necesidades puntuais e, en ningún caso, para servizos que aínda que poidan ter unha contía reducida, teñen un carácter reiterado ou recorrente.



Neste sentido se debe potenciar un control global con implicación dos centros xestores no que atinxe a unha maior racionalización da contratación con un uso adecuado do contrato menor, evitando os fraccionamentos e contratacións recorrentes.

Así mesmo, tan pronto como a dispoñibilidade de medios e planificación do control financeiro o permitan, recoméndase a inclusión da contratación no control financeiro, en atención á súa consideración como área de risco.

#### - **Subvencións.**

No ámbito das subvencións advírtese da necesidade dun esforzo conxunto para mellorar a tramitación, simplificar e homoxeneizar procedementos e completar o procedemento electrónico destes expedientes.

Xunto coa necesidade de dar cumprimento á obriga legal de aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, reiteramos algunhas medidas propostas no Informe resumo do ano anterior, referidas á conveniencia da revisión de liñas de subvencións con múltiples beneficiarios e contías moi reducidas, das que se recomenda valorar o mantemento en base a criterios de eficiencia (excesivo custe de tramitación).

Tamén recordamos a conveniencia de revisar a Ordenanza, modelos de bases en réxime de concorrencia, así como o contido dos Convenios correspondentes a subvencións nominativas e directas e incorporar unha regulación detallada de acordo coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro de subvencións.

#### - **Administración electrónica.**

A transformación dixital das Administracións Públicas esixe un traballo continuo que permita acadar os obxectivos de mellora da eficiencia administrativa, incremento da transparencia e participación, garantía de servizos dixitais facilmente utilizables e mellora da seguridade xurídica.

A consecución dunha Administración totalmente electrónica e interconectada, esixe seguir avanzando, a efectos de garantir que a totalidade dos procedementos administrativos se tramiten electrónicamente e que a cidadanía poida relacionarse por estes medios, tanto nos supostos obrigados pola normativa, como naqueles nos que así o decida voluntariamente. O proceso de dixitalización debe tratar de acadar unha simplificación da tramitación administrativa, un mellor cumprimento das esixencias legais e mecanismos de control así como unha maior facilidade de uso e satisfacción por parte da cidadanía.

No que atinxe á tramitación procedimental, para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación estímase necesaria a implantación global dunha tramitación integramente electrónica. A definición e categorización dos tipos de expedientes e subexpedientes, configuración e/ou revisión de circuitos de tramitación automatizados e sinatura electrónica en todos os trámites, permitirían reducir notablemente os tempos de tramitación favorecendo un maior grao de cumprimento.



Así mesmo recoméndase a implantación de módulos integrais de tramitación electrónica e interrelacionados cos programas contable e de xestión de expedientes en áreas de especial transcendencia, como recursos humanos ou patrimonio.

**- Contabilidade.**

No informe resumo anual 2020 destacouse a insuficiencia do programa contable para desenvolvemento adecuado da xestión económico – financeira e patrimonial desta entidade, recomendando o inicio das actuacións correspondentes para poder levar a cabo a actualización deste sistema.

O Plan de acción aprobado por RP número 2021004270 en data 19/07/2021 inclúe como obxectivo prioritario estruturado en tres fases a execución dun proxecto de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidades adscritas e dependentes.

A execución deste proxecto debe manter o seu carácter prioritario e completarse as fases previstas no Plan.

**- Rexistro de facturas.**

Respecto ao rexistro de facturas debe procederse á revisión e mellora de configuración e funcionamento. A regulación legal esixe acadar unha integración ou interrelación do rexistro co programa contable. A consecución deste obxectivo esixe a disposición dun programa contable actualizado que permita integrar o rexistro na contabilidade así como a obtención dos datos referentes á morosidade, PMP e información económica - orzamentaria de remisión periódica, directamente da contabilidade.

O proxecto de Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial inclúe as referencias a este módulo, con previsión de inclusión dunha funcionalidade de auditoría deste rexistro, polo que enténdese que coa implantación do novo sistema poderase dar cumprimento a este obxectivo.

**- Fiscalización e control financeiro.**

A efectos dunha mellora no desenvolvemento das tarefas de fiscalización e control financeiro, destacamos as seguintes propostas de actuación:

- Ampliación do ámbito material do control financeiro abarcando a totalidade de supostos de control financeiro posterior obrigatorio e a inclusión de áreas de risco.
- Estudo e revisión do modelo de fiscalización previa con valoración da implantación dunha fiscalización previa limitada e control financeiro posterior en determinadas áreas.
- Revisión dos procedementos e modelos de tramitación dos expedientes con vicios ou defectos procedimentais.

O cambio esixe unha maior dotación de medios, estudo e revisión do modelo de control, e un adecuado deseño e integración na tramitación electrónica. Na implantación deberase reforzar



especialmente (frecuencia temporal e número de expedientes) o control financeiro posterior das áreas de maior risco ou complexidade.

- **Entidades dependentes.**

Respecto da auditoría de contas de entidades dependentes, a opinión denegada nos informes de auditoría dos dous anos anteriores, obedece principalmente á falta dunha xestión patrimonial tanto a nivel de inventario ou patrimonial como contable. Recoméndase realizar un estudo e planificación para actualización do inventario considerándose imprescindible a disposición dun módulo integrado coa contabilidade que garanta o enlace e, por conseguinte, a conciliación contable e a levanza dunha adecuada xestión patrimonial.

No que atinxe á Escola de Enfermería recoméndase, ademais, un impulso decidido no proceso de transferencia á Universidade.

O proxecto de modernización da xestión económico – patrimonial en tramitación inclúe as entidades adscritas ou dependentes.

Paralelamente e con carácter prioritario, estas entidades deben realizar unha actualización do inventario e regularizar, no seu caso, as cesións e/ou adscricións correspondentes.

#### **IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN.**

Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

Por RP de data 2021004270 do 19/07/2021 aprobouse o primeiro Plan de Acción Provincial. Dito Plan articulouse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización dos sistemas de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada, eficiente e plenamente integrada.



O Plan articulou o procedemento en tres de fases, de estudo e deseño, implantación e posta en marcha. Seguindo a programación prevista no primeiro Plan, os principais esforzos no exercicio 2022 deben centrarse no desenvolvemento da licitación e inicio do proceso de implantación.

#### **IV.1. Medidas propostas.**

As medidas propostas por esta Intervención correspóndense con actuacións referidas ao ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base ás conclusións e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de Acción.

Así mesmo, as medidas propostas non esgotan a totalidade da actuacións que entendemos como necesarias, si ben responden a unha orde de prelación, en consideración á maior necesidade ou configuración como requisito previo para o avance e planteamento de novas medidas.

##### **- Modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación e entidade adscritas e dependentes.**

Como referimos no Informe anual anterior se trata dun obxectivo básico e prioritario en tanto peza clave para o avance en materia de tramitación electrónica e requisito necesario para a consecución doutros obxectivos.

Neste sentido recomendamos centrar os esforzos na licitación e implantación do novo modelo para dar cumprimento nesta anualidade á 2ª fase prevista no Plan anual 2021.

##### **Actuacións 2022:**

- Aprobación do expediente de contratación, licitación e inicio das actuacións de implementación do novo sistema de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes, incluíndo a personalización e deseño do modelo, formación e posta en marcha.

##### **- Regularización da xestión patrimonial.**

Como se sinalou no Informe anual anterior, a dotación de medios persoais e materiais actuais resulta insuficiente para a levanza dunha xestión patrimonial adecuada.

No que respecta aos medios materiais, o proxecto de modernización do sistema de xestión económico – patrimonial, configúrase como o instrumento idóneo para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial, ao establecerse unha vinculación da alta no inventario coa tramitación de todas as facturas/certificacións de investimentos.

Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios



necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.

#### **Actuacións 2022:**

- Licitación e inicio das actuacións para implantación do módulo de xestión patrimonial (licitación incluída no proxecto de modernización do sistema económico – financeiro e patrimonial, referido no punto anterior).
- Deseño e planificación polo Servizo encargado da xestión patrimonial, das actuacións de revisión do Inventario, determinación dos medios e planificación temporal.

#### **- Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.**

Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva).

No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscrición (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

#### **Actuacións 2022:**

- Deseño e revisión dos procedementos e circuitos xerais en materia de ingresos.
- Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOPPO.
- Cambio de adscrición do procedemento de xestión de anuncios no BOPPO.

#### **Actuacións 2022 - 2023:**

- Deseño e posta en funcionamento do control financeiro posterior en materia de ingresos.

#### **- Subvencións.**

En materia de subvencións destacamos as seguintes necesidades:

- Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.



- Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.
- Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.
- Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuitos de tramitación, con estandarización de procesos e formularios e configuración de circuitos e trámites automatizados, permitindo unha maior celeridade en materia de tramitación e control dos expedientes.

#### **Actuacións 2022 - 2023:**

- Elaboración e aprobación dun Plan Estratéxico de subvencións.
- Presentación dunha proposta de Ordenanza e modelos de Convenio adaptados a un procedemento de tramitación integramente electrónico.

#### **- Entidades adscritas ou dependentes.**

A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas 2019 e 2020 das tres entidades obedece á falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.

O Plan de Acción 2021 inclúe estas entidades no ámbito subxectivo do proxecto de modernización do sistema de xestión económico financeiro e patrimonial, de xeito que a implantación dun novo sistema permitirá a estas entidades dispoñer dunha ferramenta plenamente integrada coa contabilidade que lle permita a levanza axeitada do inventario e da contabilidade patrimonial.

Non en tanto, e en atención ás deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarse a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.

Así mesmo, deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola de Enfermería.

#### **Actuacións 2022 – 2023:**

- Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.

#### **- Outras consideracións.**





As actuacións propostas non abranguen a totalidade das necesidades, por imposibilidade de atención cos medios dispoñibles e a conveniencia de concentrar os esforzos en actuacións de carácter prioritario no medio prazo.

Así mesmo, existen actuacións que exceden do ámbito desta Intervención, cuxo deseño e planificación compete a outros servizos. Así, por exemplo, a revisión da tramitación electrónica dos expedientes co obxecto de definir circuitos e operacións automatizadas, recomendándose empezar pola revisión dos expedientes de contratación, incluíndo todas as fases, isto é preparación e adxudicación así como execución (módulo de certificacións, garantía, recepción, liquidación, ...), os expedientes de subvencións, así como a revisión dos sistemas de xestión dos recursos humanos, de xeito que, ben con aplicativos dispoñibles no mercado ou de desenvolvemento propio, se desenvolvan funcionalidades que permitan unha tramitación máis automatizada e integrada dos procedementos.

#### **IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.**

- Actuacións de deseño dun novo sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial.  
O I Plan de Acción Provincial da Deputación de Pontevedra, centrou os esforzos no proxecto xa referido de modernización do sistema de xestión económico – financeira e patrimonial.

O proxecto estruturouse en tres fases:

- 1ª fase: 2021. Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.
- 2ª fase: 2022. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación, formación e posta en marcha.
- 3ª fase: 2023. Posta en marcha dos novos sistemas de información.

A primeira fase previa de deseño e elaboración do modelo, planteouse dun xeito participativo, partindo da consulta e visualización dos principais sistemas dispoñibles no mercado, co obxecto de coñecer e poder valorar adecuadamente as funcionalidades e requisitos dos mesmos, coñecer as necesidades de tramitación e de xestión dos distintos servizos a nivel de centro xestor e da propia Intervención provincial. Tras varias reunións perfilouse o ámbito obxectivo do proxecto con inclusión do sistema de xestión económico e orzamentario, módulo de contabilidade analítica e módulo de xestión patrimonial, excluindo outros sistemas considerados inicialmente como os correspondentes coa xestión dos Recursos Humanos, ao estimarse que a revisión destes sistemas debe ser abordada por este servizo xunto con Novas Tecnoloxías, de xeito independente, sen prexuízo da colaboración e coordinación coa Intervención no que atinxe aos aspectos que incidan na contabilización ou fiscalización dos expedientes.

A continuación e partindo das conclusións extraídas, realizouse unha revisión das prescricións técnicas dos procesos de licitación tramitados ou en tramitación por entidades locais de certo tamaño, con requirimento funcionais similares, total ou parcialmente, ao proxecto provincial e



confeccionouse un borrador do Prego de prescricións, pendente de revisión polo Servizo de Novas Tecnoloxías no que atinxe principalmente aos aspectos tecnolóxicos, conectividade e de seguridade.

Unha vez rematada a primeira fase, cómpre centrar os esforzos no axeitado desenvolvemento do proceso de licitación, cunha adecuada valoración das funcionalidades e melloras ofertadas, así como dos requirimentos tecnolóxicos, de seguridade e conectividade determinados nos pregos e no proceso de implementación, para o cal prevese un esforzo e dedicación importante polo persoal de programación do Servizo de Novas Tecnoloxías xunto coa Intervención provincial, e posteriormente de todos os centros xestores, no que atinxe ao proceso de formación e adaptación aos cambios de funcionamento esixidos polo novo sistema.

- Outras actuacións implementadas ou en marcha.

o Contratación:

Cómpre destacar como medida positiva a regulación nas Instrucións de contratación da tramitación ordinaria con publicidade dos contratos menores de importe superior a 3.000 €, co obxecto de ampliar a concorrncia na actividade contractual desta Deputación.

Así mesmo, na modificación das Instrucións aprobada o 21/01/2022 inclúese a necesidade de autorización previa de todos os contratos de patrocinio, incluídos os de importe inferior a 3.000 €.

Ademais, destacamos os traballos que o equipo de programación do Servizo de Novas Tecnoloxías está a realizar coa colaboración da Intervención para desenvolvemento dun módulo de certificacións, o que permitirá facilitar as tarefas de xestión e control na execución de investimento por parte dos centros xestores e pola Intervención.

o Subvencións:

Neste ámbito destacamos o esforzo do equipo de programación e técnicos xestores de diversas áreas para tratar de deseñar e implantar un módulo con funcións homoxeneizadas e automatizadas en materia de concesión e xustificación. A posta en marcha deste módulo permitirá acadar importantes vantaxes de xestión e control, gañando en celeridade e eficiencia.

o Función interventora:

No ano 2021 procedeuse á cobertura interina da praza de Técnico de xestión de investimentos, o que permitiu integrar na Intervención, persoal cos coñecementos técnicos necesarios para un axeitado desenvolvemento das actuacións de comprobación material do investimento.

Tamén destacamos positivamente as esixencias de información de execución das obras a chegar pola dirección xunto coa última certificación ordinaria, o que favorece unha maior eficiencia nestas actuacións de comprobación material do investimento.

## **V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2021.**



Con data 19/04/2021 emitiuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2020, do que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria do mes de abril. Como resultado do control efectuado propúxose pola Intervención a adopción dunha serie de medidas de corrección e mellora.

Tomando en consideración as recomendacións e propostas de actuacións sinaladas no Informe da Intervención provincial, elaborouse o Plan de Acción Provincial 2021, aprobado por RP número 2021004270, de data 19/07/2021.

Como sinala o referido Plan, a determinación das actuacións propostas adecuouse a criterios realistas, condicionado polos medios dispoñibles e prazo de execución do Plan, articulando así o Plan de acción en torno a un obxectivo prioritario de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes.

Como referimos no apartado anterior, o Plan articulou esta medida en tres fases a executar en tres anualidades, unha primeira de deseño e planificación, unha segunda de licitación e implantación e unha terceira de posta en marcha.

A primeira fase correspondente ao ano 2021, incluíu as seguintes actuacións:

***Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.***

*Para cumprimento das obrigas legais en materia de contabilidade e xestión económico – financeira o proxecto abranguerá necesariamente o cambio da aplicación de xestión económica orzamentaria con inclusión das aplicacións ou módulos de contabilidade analítica e o de xestión patrimonial.*

*Determinadas áreas como a de Recursos Humanos teñen unha vinculación moi estreita coa xestión económico – orzamentaria, pola importancia e volume do capítulo 1 na elaboración dos orzamentos e na contabilidade de nóminas, polo que se coordinará con este servizo a inclusión dun módulo específico que facilite as tarefas de elaboración do orzamento, fiscalización e contabilidade da nómina.*

*No ámbito da xestión patrimonial e de xeito simultáneo ao estudo e determinación dos requirimentos do módulo ou aplicación, debe realizarse polo Servizo de Contratación – área patrimonial unha planificación das actuacións necesarias para acadar no medio prazo unha axeitada xestión patrimonial, reflexo fiel da realidade e plenamente integrada e conciliada coa contabilidade. A actividade de planificación incluírá a programación ou cronograma a medio prazo con definición das etapas, requirimentos técnicos, medios persoais e/ou asistencias técnicas e prazos estimados.*

Considerando o estado de execución desta medida, segundo detalle referido no apartado anterior, advírtese de certo retraso no remate da primeira fase. Aínda que este retraso supón un incumprimento parcial do cronograma contido no Plan de acción, valórase positivamente o



grao de avance do proxecto, con previsión de cumprimento da licitación e adxudicación neste exercicio.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022 tomou coñecemento do contido do informe de Intervención relativo ao resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Pleno queda enterado do contido do informe de Intervención relativo ao resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2021.

**12.7777.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 10 DE FEBREIRO DE 2022 (NÚMERO DE REXISTRO 2022001032) TRAMITADA NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN APROBANDO GASTOS DE EMERXENCIA (EXPTES. 2022005288-2022014928)**

Sra. Presidenta.- No punto 12. Dar conta da Resolución Presidencial de data 10 de febreiro do 22 tramitada no Servizo de Contratación aprobando gastos de emerxencia. ¿Algunha intervención? Queda enterado o Pleno.

## RESOLUCIÓN

Por Resolución Presidencial número 2022001032 de data 10 de febreiro de 2022 acordouse adxudicar a empresa, Construcciones Vale, S.L. (C.I.F.- B36024933), o contrato para execución da “Obra de emerxencia na EP-6304 Portela-Antas de Ulla que afectan a ODT do p.q. 1+800 (Concello de Rodeiro)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 20.000,00 euros, ive engadido, cuxo contido é o seguinte:

<b>Nº Expediente</b>	2022005288
<b>Asunto</b>	Adxudicando a “Obra de emerxencia na EP-6204 Portela-Antas de Ulla que afectan a ODT do p.q. 1+800 (Concello de Rodeiro)”.
<b>Trámite</b>	Adxudicación.



**A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte**

## **RESOLUCIÓN**

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade co Deputado Delegado desa área, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “OBRA DE EMERXENCIA NA EP-6204 PORTELA-ANTAS DE ULLA QUE AFECTAN A ODT DO P.Q. 1+800 (CONCELLO DE RODEIRO)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Logo da inspección realizada por persoal técnico do servizo de Infraestruturas na estrada EP-6204 Portela-Antas de Ulla (Rodeiro), compróbase que se produciron danos na obra de drenaxe transversal (ODT) situada no P.Q. 1+800. Os danos consisten na rotura dunha pedra que conforma o taboleiro da ponte, observándose que algunha pedra máis do mesmo presenta agretamentos. En superficie obsérvase tamén unha fochanca no pavimento de mezcla bituminosa en quente, situada xusto enriba da rotura da pedra. O perigo que existe actualmente e que as pedras cedan de forma definitiva e co seu desprendemento o afundimento da estrada avance impedindo o paso dos vehículos. Todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e a seguridade vial e evitar así riscos de danos maiores.

Resultando.- Que a estimación do custe da obra ascende a 20.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta. Proponse á empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (CIF B36024933) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que con data 09/02/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que Logo da inspección realizada por



persoal técnico do servizo de Infraestruturas na estrada EP-6204 Portela-Antas de Ulla (Rodeiro), compróbase que se produciron danos na obra de drenaxe transversal (ODT) situada no P.Q. 1+800, existindo o perigo de que as pedras cedan de forma definitiva e co seu desprendemento o afundimento da estrada avance impedindo o paso dos vehículos. Todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico ó non ser posible garantir a seguridade do tráfico debido a que existe unha situación de risco grave para a circulación nese punto, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200021347 por importe de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso



de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

## **RESOLVO,**

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación “Obra de emerxencia na EP-6204 Portela-Antas de Ulla que afectan a ODT do p.q. 1+800 (Concello de Rodeiro)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (CIF B36024933), o contrato “Obra de emerxencia na EP-6204 Portela-Antas de Ulla que afectan a ODT do p.q. 1+800 (Concello de Rodeiro)”, por importe de 20.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:



Importe..... 16.528,93 €  
IVE (21%)..... 3.471,07 €  
Importe total..... 20.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.

Máis información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123;  
Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2021064702.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial 2022001032 de data 10 de febreiro de 2022 tramitada no Servizo de Contratación, aprobando gastos de emerxencia por un importe glogal de 20.000,00 euros, ive engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial 2022001032 de data 10 de febreiro de 2022 pola que se adxudicou a empresa, Construcciones





Vale, S.L. (C.I.F.- B36024933), o contrato para execución da “Obra de emerxencia na EP-6304 Portela-Antas de Ulla que afectan a ODT do p.q. 1+800 (Concello de Rodeiro)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 20.000,00 euros, ive engadido.

13.7778.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS  
(EXPTE. 2022016513)**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Dar conta das Resolucións Presidenciais. ¿Algunha intervención? Queda informado o Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 22 de febreiro e 21 de marzo de 2022.

14.7779.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E no punto 14, Rogos e preguntas.

Sra. Pardo Pumar.- Es una pregunta en relación a las obras de los edificios centrales del Museo de Pontevedra. ¿Queremos saber exactamente en qué estado están?, porque llevan cerrados desde el 2014, en noviembre del 19 ya pedimos su rehabilitación, estaba ya el proyecto, supuestamente, en marcha, y estamos en el 2022, en marzo, y no sabemos todavía en qué estado está, entonces si se nos podría facilitar esa información.

Sra. Presidenta.- Contestaremos por escrito. ¿Algunha cuestión, pregunta ou rogo? ¿Non hai máis? Pois non habendo máis rogos nin preguntas nin máis puntos da orde do día levántase a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

